

Enquisa de emprego do tempo 2009-2010

NOTAS EXPLICATIVAS

A Enquisa de emprego do tempo 2009-2010 foi realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE) desde o 1 de outubro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010 e ten como obxectivo principal coñecer a dimensión do traballo non remunerado realizado polos fogares. Outros obxectivos que persegue esta enquisa son:

- Contribuír á formulación de políticas familiares e de igualdade entre xéneros.
- Contribuír á elaboración das contas económicas, en particular proporcionando información sobre determinados fluxos e actividades necesarios para a estimación das contas satélites do sector fogares.
- Contribuír á formación de políticas relacionados co tempo de traballo.
- Contribuír á formulación de políticas destinados aos maiores, en concreto mediante a estimación da dimensión do traballo de non mercado desenvolvido por estas persoas.
- Subministrar datos relacionados coa finalidade dos recorridos de transporte realizados diariamente.
- Mostrar comportamentos relacionados coa participación dos cidadáns nas actividades culturais e de ocio.

1. **Ámbito de investigación**

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é a do conxunto de fogares privados que residen en vivendas familiares principais e o conxunto de persoas, membros do fogar. Aínda que as persoas de todas as idades forman parte da mostra inicial só serán investigados exhaustivamente os membros do fogar de 10 ou máis anos de idade.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O traballo de campo levouse a cabo durante un ano completo, desde o 1 de outubro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010. Existen varios períodos de referencia dependendo do cuestionario:

- No cuestionario individual tomase como período de referencia a semana anterior, de luns a domingo.
- No diario de actividades toman como período de referencia as 24 horas do día, divididas en períodos de 10 minutos.

- No horario de traballo remunerado tómase como período de referencia unha semana, facendo coincidir o sétimo día da semana co día no que se debe encher o diario de actividades.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

Vivenda familiar: considérase vivenda familiar a toda habitación ou conxunto de habitacións e as súas dependencias, que ocupan un edificio ou unha parte estruturalmente separada do mesmo e que, pola forma en que foron construídas, reconstruídas ou transformadas, están destinadas a ser habitadas por un ou varios fogares, e que na data de entrevista non se utilizan totalmente para outros fins.

Vivenda familiar principal: considérase vivenda familiar principal a toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual de un ou máis fogares.

Fogar: defínese o fogar como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal ou parte dela, e consumen e/ou comparten alimentos ou outros bens ou servizos con cargo a un mesmo orzamento.

Actividade principal: defínese a actividade principal como a acción principal realizada pola persoa informante durante un momento dado matizada polas circunstancias ou o contexto que acompañen á acción. A actividade principal clasifícase nunha estrutura xerárquica de ata tres díxitos. Pódese consultar esta clasificación no seguinte enlace: [actividades principais](#)

3. Presentación de resultados

Publícase a un díxito de desagregación da actividade principal e para o total de Galicia:

- o Distribución de actividades nun día promedio.
- o Porcentaxe de persoas que realizan unha actividade no transcurso do día.
- o Duración media diaria dedicada á actividade por persoas que a realizan.
- o Porcentaxe de persoas que traballaron respecto ao total de persoas ocupadas
- o Número medio de horas semanais traballadas